CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | | Sello o Certificación Mecánica |
| --- | --- | --- | --- |
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE | | | |
| Documento<br>CMGZI0J3 | Expediente<br>CON/38/2014 | Fecha<br>09-03-15 09:34 | |

Número 59 .- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do contrato relativo a "Subscripción de póliza de seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago á SEGUROS BILBAO".

Destinatario

15078DCMGZI0J3Y

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 59 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO RELATIVO A "SUBSCRIPCIÓN DE PÓLIZA DE SEGURO PARA COBERTURA DE RISCOS PATRIMONIAIS, PERSOAIS E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DERIVADA DO USO DE VEHÍCULOS DE MOTOR QUE INTEGRAN O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE SANTIAGO Á SEGUROS BILBAO".**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 3 de marzo de 2015, do director da área de Contratación, conformado coa mesma data polo Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/111 de data 4.3.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"***EXPEDIENTE***:*.Subscripción de póliza de seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago*

***ASUNTO:*** *Adxudicación do contrato a SEGUROS BILBAO*

***ANTECEDENTES:***

*Primeiro:* Con data 22/1/2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador SEGUROS BILBAO.

*Segundo:* O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 26-01-2015 require a SEGUROS BILBAO para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

*Terceiro:* Con data 19/2/2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado coa mesa de contratación de data 22/1/2015 procede realizar a seguinte:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO:** Excluir da licitación á empresa AXA SEGUROS por non ter presentado a documentación que lle foi requerida no prazo concedido, relativa a inscrición no rexistro de entidades de seguro.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de **SEGUROS BILBAO**, por un importe de importe de 27.960 euros (NON SUXEITO A IVE), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 22401** reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 20.970,00 euros non suxeito a ive

Anualidade 2016: 6.990,00 euros non suxeito a ive."

**Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Excluir da licitación á empresa AXA SEGUROS por non ter presentado a documentación que lle foi requerida no prazo concedido, relativa a inscrición no rexistro de entidades de seguro.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de ***SEGUROS BILBAO***, por un importe de importe de 27.960 euros (NON SUXEITO A IVE), ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 22401**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

- Anualidade 2015: 20.970,00 euros non suxeito a IVE.
- Anualidade 2016: 6.990,00 euros non suxeito a IVE.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Manuel Martínez Varela**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org